



# SAMAÍN 2022 NA SOLAINA



Estimadas familias,

Xa nos tardaba poder celebrar as festas como merecemos. Por iso, este ano volvemos celebrar o Samaín sen restricións.

A semana do 24 ao 28 de outubro o noso cole vivirá o **Samaín** de maneira lúdica e aprendendo tamén parte da nosa cultura.

O primeiro que vos propoñemos é realizar na casa a **decoración dunha cabaza** para poder facer unha exposición durante esa semana no exterior (zona cuberta). A decoración será libre, en familia trabállase mellor! Traerase durante a semana do 24 e deixarase na entrada, fronte á Secretaría, para así nós poder colocalas (xa estará indicado). Non esquezades poñerlle nome e curso (deberedes recollela o venres 28 ás 14 horas para que non queden no centro durante os días non lectivos). Nas aulas tamén faremos a nosa cabaza para contribuír, entre todas/os, a decorar o noso centro.

O **VENRES 28** teremos a Gran **Festa** de Samaín onde gozaremos, dentro das merendas saudables do cole, dun “agasallo terrorífico” da man da ANPA. Ademais, as nenas/os (tamén os demais membros da comunidade educativa!) **poderán vir disfrazados** acorde á temática na que nos atopamos. Bailaremos , faremos manualidades divertidas, fotos, aula de luz negra, escape room para maiores... Pedímosvos que o luns traían unha **lanterna** co seu nome, que quedará esa semana na clase. En definitiva, pasaremos un bo rato!

Ademais, recordade que o luns 31 non hai cole por ser día do ensino e o martes 1 é festivo.

Un saúdo

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES